

Estética e metaestética en Rosalía de Castro

Nel Rodríguez Rial

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

RODRÍGUEZ RIAL, NEL (2012 [1986]). “Estética e metaestética en Rosalía de Castro”. En *Actas do Congreso Internacional de estudios sobre Rosalía de Castro e o seu tempo* (III). Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Universidade de Santiago de Compostela, 179-190. Reedição en *poesiagalega.org. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/2187>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

RODRÍGUEZ RIAL, NEL (1986). “Estética e metaestética en Rosalía de Castro”. En *Actas do Congreso Internacional de estudios sobre Rosalía de Castro e o seu tempo* (III). Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Universidade de Santiago de Compostela, 179-190.

* Edición dispoñible desde o 17 de xullo de 2012 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

© O copyright dos documentos publicados en *poesiagalega.org* pertence aos seus autores e/ou editores orixinais.

ESTÉTICA E METAESTÉTICA EN ROSALÍA DE CASTRO

NEL RODRÍGUEZ RIAL

Universidade de Santiago

“*Fiat lux*” foron as verbas que esta terra pronunciou aquel 24 de febreiro do 1837 cando nesta cidade naceu a nena María Rosalía Rita. Galicia agardara séculos para crear un espírito tan dócil e sensible no que poder realiza-la súa epifanía. Moi poucos pobos tiveron a sorte de enxendar unha alma tan delicada na que a terra manifestase tan a gusto os seus misterios. Elixida polo mundo para ser luz do mundo, mais, como todo profeta, maltratada polo mundo, pois a dor parece se-la condición dos elexidos, a alma magoada, o lugar feliz da inspiración.

Despois de crear a Rosalía aquel 24 de febreiro, Galicia descansou. Tiña a seguridad de que cando aquela nena cantase, ela resprandecería; a seguridad de que cando os seus beizos de movesen, ela alentaría. E cantar, cantar, cantou, a gracia non era pouca..

* * *

Acercarse ó cantar de Rosalía é te-la posibilidade de disfrutar dunha experiencia orixinal. Por iso o aprendiz de filósofo procura a amistade dos poetas. Os que nos guiamos pola “*Lóxica do Día*”, como Jaspers nos caracterizaba, simpatizamos con aquelas almas que viven a “*Pasión pola Noite*”. A historia é testemuño dunha antiga irmandade entre a filosofía e a poesía. Para sermos máis precisos, a aurora do pensamento ábrena poetas como Hesíodo ou Heráclito. Os seus cantos, como os de Homero, teñen sobrevivido a centos de sistemas filosóficos e a súa visión poética do mundo e da existencia aparece hoxe máis permanente cá de moitos pensamentos urdidos ó calor da razón. Queremos comenzar, pois, facendo profesión de humildade diante dos poderes da poesía: “*Philosophia ancilla poetica*”. O antigo adaxio té-molo que secularizar. Prioridade histórica, pero tamén prioridade hermenéutica: a poesía é unha experiencia orixinal no seu sentido máis radical: é experiencia das orixes. É esta afirmación faise verdade plena en Rosalía. Ela gozou dunha sensibilidade e valor excepcionais que lle permitiron ter contacto co misterio do mundo, visita-las trastendas do Ser, ali onde se gardan as mesmas esencias da vida. Nós queremos collernos da súa man e revivir con ela esa fonda experiencia poética que é unha peregrinaxe ós baixos fondos da existencia. Mais temos que comenzar por recoñecer que a súa actitude ante o mundo é fundamentalmente estética. É dicir, unha experiencia de fascinación polos aspectos visibles do mundo. O camiño que imos recorrer é o mesmo que coidamos realizou Rosalía: ir do visible ó invisible, da súa experiencia

estética á súa vivencia meta-estética do mundo. Quizais a algúñ crítico lle pareza irrelevante e diga que o estudio da experiencia que Rosalía tivo coa Natureza é asunto xa demasiado escardado pola crítica. A verdade antóxaschos ben diferente. Non se ten feito desta relación un asunto capital. O tema se cadra desoriento. Cáseque todos ó abordar esta experiencia téñense quedado na epiderme e o que fixeron foi presentar unha Rosalía que canta as belezas de Galicia, que sentiu e describiu a nosa paisaxe como ninguén. E isto é verdade, pero só é o comezo da verdade. Tense esquecido o feito que coido define ó poeta: o de ser un suxeito inspirado, inspirado precisamente pola Natureza. Cando ó comezo suliñabamo-lo protagonismo da Terra no nacemento de Rosalía, non estabamos empregando inocentemente a metáfora. Esquecemos con facilidade que o home é ese anaco da Natureza onde esta alcanza a propia conciencia de sí, que el é o rodeo que a Natureza dá para recoñecerse a sí mesma. E é a traverso do poeta que ela fala, que ela se manifesta. A verdade enunciada máis arriba completariase dicindo que é Galicia a que poetiza por boca de Rosalía, que é a Terra a que canta a traverso da súa alma inspirada. O poeta é o profeta eleixido pola Natureza para canta-las súas maravillas. E quizais non se teña tomado demasiado en serio o comezo e o final do seu primeiro libro de poemas no que Rosalía vencella precisamente a súa vocación poética á chamada e mandado que recibe da Terra:

Has de cantar
meniña gaitera,
has de cantar,
que me morro de pena. (1)

E Rosalía cantou, “que así mo pediron, / que así mo mandaron” (2), e cantou na lingua que a súa terra falaba “por darlle contento, / por darlle consolo” (3). Quixeríamos analisar ese canto de Galicia en Rosalía, seguila nesa aventura profética, profundizar nesa relación radicalmente estética que a poetisa tivo co mundo e da cal xurdiu unha longa familia de poesías.

Unha estética dos cinco sentidos

Disponibilidade e apertura á presencia estética do mundo

Se algo caracterizaba a Rosalía era o estar aberta e permeable á presencia do mundo. Soamente nesa actitude de docilidade pode a Natureza falar no corazón do poeta, pode o mundo inspiralo. Poeta e Natureza non están pechados en infranqueables círculos. Dáse en ámbolos dous unha actitude de alteridade. Un deseixa recoñecerse no outro: Rosalía na Terra e esta verse e dicirse en Rosalía. Hai un pacto de seduc-

(1) Rosalía de Castro, “Cantares Gallegos” en *Obra galega completa*, Akal, Madrid, 1982^s, p. 13.

(2) *Ibid.*, p. 16.

(3) *Ibid.*, p. 17.

ción mutua, unha experiencia de disolución das oposiciones nas que se supera o dualismo e a poetisa vive unha especie de éxtase no visible, esencia de todo sentimento e de toda experiencia estética. A traverso da beleza proba a experiencia leda e feliz da unión co mundo. Relación dialéctica que por veces se cataliza nestes intres de unión benaventurados para a poetisa. Mais a mayoría das veces, son dúas entidades as que se intercambian: devorador e devorado. Na xventude, no optimismo dos primeiros anos, a Natureza é devorada pola mirada da poetisa, outras é a poeta a devorada pola mirada da Natureza, comida na súa intimidade, acorralada, empequeñecida:

Aquel moucho alí fincado,
cal si fose o mesmo demo,
fito e fito me miraba
cos seus ollos rapiñeiros,
que coidei que me roubaban
non mais que de lonxe velos. (4)

Natureza fascinante pero, como veremos, tamén tremenda, que penetra no interior de Rosalía por tódolos buracos cos que conta o seu corpo. É invadida, fecundada polo mundo. É poeta e é muller. Toda ela é un “ollo do mundo” como gustaba chamar Schopenhauer ós poetas. A asociación do verbo e do lume, do cantar e do ver, da respiración e da mirada, animan o sentir poético de Rosalía. Na súa poesía están copresentes elementos visuais e pectorais, sensacións auditivas, olfativas e tactis. Por iso gustariámme defini-la súa estética como unha “estética dos cinco sentidos”, pois ela viviu de corpo enteiro a beleza e o misterio do mundo.

Estética e corporalidade

Coido que non poderíamos entender demasiado a fonda significación da súa poesía se non reparamos no trascendental papel que o corpo tivo na súa experiencia poética. Non é lugar aquí para expoñelos fértils desenrollos que as fenomenoloxías do último Husserl e sobre todo de Merleau-Ponty e Mikel Dufrenne fixeron da corporalidade e das ricas aplicacións que estas ideas atoparon no campo da arte e da poesía. Soamente quixera suliñar que nos primeiros anos, antes da constitución da conciencia, a nosa relación co mundo exércece a traverso do corpo. Con el e *nel* –quizais isto último sexa o máis trascendental cara a elaboración dunha *arqueoloxía* da personalidade de Rosalía– constituímos-las nosas primeiras experiencias. El é tamén instancia, e primeira na orde temporal e existencial, de coñecemento e memoria. Vico, un dos pais da estética moderna, xa falaba da sabiduría e da maximación do corpo. O corpo é a nosa primeira matriz semántica, o lugar onde constituímos o protosentido do mundo. Pois ben, coido que un dos rasgos más característicos de Rosalía é o de ter unha maximación corporalizada. Ela sentiu o mundo a traverso do seu corpo. Non era a súa unha maximación ilustrada e tampouco era ela unha poetisa desencarnada e ensimesmada que cazase metáforas no coto privado da súa mente. Ela

(4) *Ibid.*, p. 59.

venceu esa tentación do poeta, case esa enfermidade, que é a de xogar coas verbas, xogo nunca inocente pois a linguaxe está feita para a comunicación. A nosa actitude é, pois, a de facerlle xusticia a Rosalía. Para ela poetizar é dicirse dicindo algo do mundo, é comprometerse comprometéndose co mundo. Escribir non foi para ela un verbo "intransitivo", segundo unha non moi afortunada expresión de Roland Barthes.

A fascinación do visible: a súa actitude fenomenolóxica e a súa poesía anti-ideolóxica

Quixerá relacionala anterior afirmación sobre o sentir e o imaxinar corporal do mundo por parte de Rosalía con dúas afirmacións que a primeira vista poden parecer estrañas e excéntricas á poética rosaliana: a súa estética é en primeiro lugar fenomenolóxica e, en segundo lugar, radicalmente anti-ideolóxica.

Temos xa dito que a súa experiencia poética realizañase nun contacto carnal, corpo a corpo coa Natureza. A vivencia primeira de Rosalía é de sentirse no medio da Natureza como na súa patria. Son intres de felicidade, de unión co corpo visible do mundo. A súa actitude semella a dos místicos, que son capaces de chegar ó misterio abandoñándose na contemplación, de gaña-lo invisible deixándose posuír polo visible. Quizais a verdade mesma da vía ascética sexa a actitude estética, que é unha actitude de atención, de entrega coidadosa e amorosa ó obxecto para que sexa este o que fale e se manifeste, o que se poña e expoña enteramente a nós. Cando Husserl lanzaba o grito de guerra da Fenomenoloxía —*Zu selbst Sachen!* (;As cousas mesmas!)— facián consciente de que estas tiñan que ser conquistadas, que había unha guerra que gañar. E esta era a de devolverle á mirada a súa virxinidade. O que se tiña que derrubar en nós é a longa muralla ideolóxica, os muros que entre nós e o mundo ergue a cultura: toda esa lexión de códigos perceptivos, de maneiras de ver e interpreta-la realidade que acaban, páradoxicamente, en xeitos de ocultar e ignorar o mundo. A pesares de que en Rosalía están presentes os tópicos poéticos da súa época —ignoralo sería sustraela da historia— sorprende non obstante por ser un poeta que, sen facer excesiva violencia á linguaxe, ten sido fondamente orixinal. Parece como que as verbas comúns non lle fosen inadecuadas, coíno se non sentise inconodidade coa linguaxe cotiá e o dicir popular á hora de crear e expresa-lo seu mundo poético. A naturalidade e espontaneidade da súa linguaxe penso que é un signo máis de que é o Mundo, a Natureza, esta Terra galega, a que fala e poetiza a traverso de Rosalía, de que ela é o prototipo de *poeta inocente*, expresión coa que Schiller indicaba a docilidade do poeta diante do poder expresivo e inspirador da Natureza. "... para o inocente —decíanos Schiller— requirese que a Natureza venza á arte, xa sexa contra o que a persoa sabe e queira, xa coa súa plena conciencia" (5). Rosalía é o poeta dócil e inocente que vive a nivel da percepción, que, como o primitivo, recolle fielmente o sentido primeiro e inmediato do mundo, e pegado a el, á cara do visible, vai,

(5) F. Schiller, *Poesía ingenua y poesía sentimental*, Ed. Nova, Buenos Aires, 1963, p. 62.

como veremos, a cruz do invisible, porque o invisible habita o visible como a súa mesma améndoa. Por esta razón penso que non sería facer violencia á verdade o dícir do mirar rosaliano que é fondamente fenomenolóxico. O seu amor case franciscano coas cousas aparentemente más insignificantes e a súa finura perceptiva, que poñían á poetisa sobre a mesma pel do mundo, traducen esa experiencia de afinidade e familiaridade coa Natureza.

E afirmabamos, en segundo lugar, que a súa poesía era radicalmente anti-ideolóxica. Non só porque a poetisa denuncie con voz clara e dramática a dominación, a opresión e miseria dos nosos campesiños e mulleres así como a marxinación socio-política de Galicia, senón por algo máis fundamental e sutil que atinge todo o conxunto da súa obra: por esa volta ás cousas mesmas, por ese talante poético de encariñarse coas cousas máis miúdas, de amosar na súa más inxenua frescura a cara do visible. Porque a ideoloxía dominante camufla e enmascara o real, a poesía rosaliana, que exhibe o mundo na súa nudez primeira, é fonda e radicalmente anti-ideolóxica.

Metaestética do invisible

Rimbaud ten dito que o poeta se fai vidente por unha prolongada e deliberada subversión de tódolos sentidos. Soamente así pode adquerir esa percepción salvaxe que caracteriza o ollar do poeta inocente, do poeta dócil. E así como a intensidade da contemplación rosaliana equivale a unha revelación. O profesor Dufrenne, completando a Rimbaud e expresándose nuns termos moi queridos polo seu amigo Merleau-Ponty, afirma que o poeta é o vidente que ve o invisible. Invisible que non está mais alá do visible. O sentido do mundo non está máis alá do sentido por nós no mundo: a esencia do mundo consómese toda no lume da súa presencia. Por iso para Rosalía, para aquel ollar capaz de desnuda-lo mundo das súas corazas culturais e ideolóxicas unha percepción estética da Natureza acaba sendo unha xenuina revelación metafísica –ou como preferimos nós dicir– meta-estética do mundo. Percepción da Natureza en Rosalía que non se reduce a un bucolismo feliz e dulzón. Empregando a linguaaxe de Rudolf Otto dicíamnos case ó comezo desta disertación que a Natureza era para Rosalía fascinante e tremenda. E se un le o conxunto da súa obra decátase axiña que o mundo é o lugar da súa saíde pero tamén e sobre todo o campo da súa derrota. A Natureza é nela o fogar de tódolos posibles: é ceo e inferno, nai e madras tra. As belezas da nosa paisaxe téñena arrebatada e ela sente e fala do mundo como da súa patria, reconece esta terra como a súa nai. Mais cómpre saliñar que na súa poesía o mundo, o visible, tornase pouco a pouco opaco. Unha espesa e negra anguria vai tinguindo os seus versos, cargados antonte de ledas e claras harmonías. ¿A que se debe este escurecemento do mundo, esta destrucción da realidade, este tránsito do visible ó invisible na súa poesía?. Para nós o tránsito da Estética (o mundo como festa do visible) á Meta-estética (o mundo como fogar do misterio) é un movemento que se pode constatar desde o comezo da súa obra pero facéndose máis intenso e pa-

tente segundo van transcorrendo os anos. Da enganosa serenidade dos seus derradeiros poemas en castelán quizais o que proben é que os sentimentos se resisten á amorsarse con sinceridade no escaparate dunha lingua estranxeira. Hai na poesía rosaliana un vaciamiento do significado estético do mundo en beneficio do significado existencial da vida. *A fascinación da experiencia estética acaba sendo en Rosalía unha auténtica revelación ontolóxica*, por iso podemos dicir con toda xusticia que a percepción estética do mundo é nela a verdadeira patria da verdade. Nela cumprese o antigo adaxio de que “*esse est percipi*”. É no mesmo comercio estético co Mundo onde a poetisa presente a densidade ontolóxica do real, ese poder de existi-las cousas no mundo, esa existencia terca e irrefutable, en derradeira instancia misteriosa, pois ese “*esse*”, ese Ser, é un poder “outro” que lle é estralo á poetisa pois ela sente só o seu ser como fráxil, gratuito e insignificante.

Natureza e identidade en Rosalía

Coido que sen comprende-lo papel trascendental que a Natureza xoga na construcción da nosa identidade, non poderíamos comprender nada da importancia que esta ten na vida e na poética rosaliana. Nós mantemos que, así como hai unha construcción social da identidade, hai tamén unha constitución xeográfica da mesma. Non vou agora desenvolver pormenorizadamente esta idea que será tema central dun libro sobre “*Estética da paisaxe*” no que traballa nestes momentos o autor. Abonde con enuncia-la aquí e se a súa formulación aparece insuficiente ou escura ofrézorñe a aclara-la máis detidamente no debate.

Sosteño que a paisaxe onde desplegámoo-las nosas primeiras accións é un dos elementos en relación ós que mantemos un indispensable diálogo existencial e construímo-la nosa identidade. Se esta é construída sobre todo á calor dun diálogo social, antes o neno establece un diálogo co mundo físico a traverso do seu corpo, diálogo ó que xa aludimos cando suliñábamos a importancia do corpo no maxinar poético rosaliano e na construcción da súa “casa poética”, segundo feliz expresión de Bachelard. Estas proto-experiencias coa Natureza baixo a cara unha determinada paisaxe afirmamos que forman os sustratos más primitivos da nosa personalidade. Ese espacio da infancia fica en nós mitificado, no senso que, ó ser un espacio sen tempo, un espacio no que por non estar constituída a conciencia —e a memoria ser só corporal— vén ser para cada un de nós como a Idade dourada, o Paraíso onde un vivía sen conciencia da escisión co mundo, no seu contacto íntimo, antes de toda conciencia de escisión co mundo, antes de toda dicotomía e de toda dor.

Agora podemos comprender aquelas verbas do prólogo de *Follas Novas* nas que Rosalía enuncia con claridade o que vimos de expoñer. Di a poetisa: “... que si non pode ca morte despedirse o espírito das envolturas da carne, menos pode o poeta precindir do medio en que vive e da natureza que o rodea”. E no poema titulado “*;Adios!*” con que encabeza en *Follas...* o segundo grupo de poemas titulado “*;Do íntimo!*” aparece con máis claridade este sentimento de ter unha paisaxe interiorizada formando parte da súa mesma intimidade:

Adios, montes e prados, igrexas e campañas;
 adios, Sar e Sarela cubertos de enramada;
 adios, Vídán alegre, moíños e hondanadas;
 Conxo, o do crausto triste i as soedades prácidas;
 San Lourenzo, o escondido, cal un niño antre as ramas;
 Balvís, para min sempre o das fendas lembranzas;
 Santo Domingo, en donde eu canto quixen descansa
 —vidas da miña vida, anacos das entrañas— (6)

E na composición “Tristes recordos”, xestada á calor dunha tarde castelá, alude a esta interiorización:

Pechei os ollos e vin...
 vin fontes, prados e veigas
 tendidos ó pé de min.

Podemos comprender tamén o proceso de desfeita da identidade rosaliana, a crise persoal que padece Rosalía fóra da súa patria. O drama da emigrada é que non ten posibilidade de continua-lo diálogo con aquelas dúas realidades ó redor das que constituíu a súa identidade: as xentes e a paisaxe da súa Galicia. A Rosalía emigrada polas terras de España é vítima dun síndrome de abstinencia social e xeográfica apuntado por ela mesma no poema adicado á gabanza de Galicia titulado “;Terra a nosa!”:

Que te aman os teus fillos..., que os consome
 do teu chan se apartan;
 que ximen sin consolo, si a outras terras
 de lonxe a morar van;
 que aló está o corpo nas rexións alleas
 i o espírito sempre acá

Se tanto a realidade social coma xeográfica son dous ámbitos en relación ós que mantemos nun grao normal de estabilidade da nosa identidade, necesariamente tanto a ausencia como o cambio destas realidades supoñen para a persoa entrar nunha situación de crise e de readaptación ou redefinición da identidade. Atreveriamonos a afirmar que a saudade estaría vencellada a este sentimento-convicción da imposibilidade de constituir sólida e felizmente a identidade. Sería o fondo sentimento desta autoprecariedade ontolóxica así entendida. O noso ser, a nosa identidade, estaría tecida a base das ligames, das relacións que establecemos cos demais, co mundo físico en tanto suxeito dunha personalidade paisaxística determinada e, finalmente, con nós mesmos. Sería a saudade ese sentimento de máxima estraneza diante da constatación de que o noso ser non nos pertence, que depende dos demais e do mundo para ser, que nós a penas o dominamos, que a penas mandamos na nosa propia casa. Saudade de que tería como miolo o sentimento da temporalidade, sentimento que estructura ó redor de sí toda a poesía rosaliana.

. (6) Rosalía de Castro, “Cantares gallegos”, cit., pp. 126 e 127.

Temporalidade e desertización da vida

O tempo é recoñecido e sufrido por Rosalía como lei da Natureza, como o mesmo ser do Ser. Como di Derrida a conciencia vive un tempo cómplice do tempo do mundo. O único tempo é o que vive o Universo. A Natureza é a que non é temporal, a que posúe o tempo, a que ten o tempo como o seu predicado esencial, de aquí, paradoxicamente a súa permanencia e eternidade. Ela non é, ela devén. Rosalía participa filialmente da esencia da súa Terra-Nai. Non soamente son da mesma “carne”, senón que están tamén animadas polo mesmo “espírito”. A experiencia saudosa quizais sexa esa vivencia de precariedade permanente na que vive o eu. A afirmación da estabilidade e permanencia do “ego” bate coa lei inexorable da Natureza: o tempo. A temporalidade é para Rosalía fonte da negatividade humana. No cerne do ser do home vai como enquistado este verme, esta ternura que mina en silencio a nosa existencia e a dos nosos aliados: a paisaxe e a sociedade. Rosalía rebélase e nega a presencia da Natureza nela: o tempo e todo aquilo que ameaza con destruí-lo home: a dor, a violencia, a inxusticia, a enfermidade (lebrémo-la dexeneración e desnaturalización que causa o cancro –natureza mutada– no corpo de Rosalía), desnaturalización do home polo home (casteláns que reducen o segador galego á força do traballo)... Mais hai neia unha captación sutil da desnaturalización e que eu definiría como a experiencia de que o tempo desertiza a vida, de que a Natureza, dona e señora do tempo, está en contra da ipseidade. A vida é para a poetisa un proceso de destrucción más ca de construcción. A Natureza xoga en contra da vontade de afirmación do home. Ó final, trunfa a Natureza que é un trunfo do Tempo, do Kronos devorador, sobre o poder de resistencia humana. O poema adicado á Casa da Retén abandoada e arruinada é ben significativo non só dun gusto romántico polo valor simbólico da ruína, senón tamén dese proceso de entropía que a poetisa presente que exerce a Natureza de maneira xorda e constante. Ruína da Retén, símbolo e testemuño dunha ruína social (a da familia) e física (a da casa, a da súa paisaxe infantil) que son paralelas e quizais, polo que temos dito, causa e orixe da ruína interior, persoal da poetisa.

Risas, cantos, armonía,
brandas músicas, contento
festas, dansas, alegría,
se trocan na triste e fría
xorda vos do forte vento.

Meus abós; ¡ai! xa morreron,
os demás te abandonaron,
os teus lustros pereceron,
i os que millor te quixeron,
tamén de tí se apartaron.

Ruína que é símbolo tamén da caída do home: o poder, o orgullo humano, é castigado pola Natureza. O afán do home por erixir obras grandes (o adjetivo “grande” xoga aquí involuntariamente a favor da fuerza simbólica da ruína) é contrarrestado por esa fuerza mecánica de degradación que fai que todo tenda cara abaixo.

Como ten dito o profesor Lamblin, a ruína é a negación dunha afirmación (a do home) e a afirmación dunha negación (a da Natureza) (7). Rosalía toma conciencia dos límites do poder demiúrxico do home: todo perece, todo pasa. Nada permanece no mundo. Soamente a Natureza, constituída no seu cerne polo tempo, dura:

Natureza fermosa,
a mesma eternamente,
dille ós mortais, de novo ós loucos dille
¡que eles nomais perecen! (8)

E con esta vivencia do fracaso humano aparece o medo, un medo que se vai facendo presente en Rosalía a medida que o tempo vai abrindo abismos na súa memoria, a medida que o seu interior se vai espacializando e baileirando ("¡Que no fondo ben fondo das entrañas / hai un deserto páramo" (9)) e o tempo vai creando un címetero de experiencias, de fracasos. Fracaso de conseguir unha relación feliz coa Natureza por vía da experiencia estética; fracaso dunha relación social feliz por vía do amor (os poemas de traición amorosa e adicados a cantala fraxilidade do amor son unha constante na súa poética) e fracaso de constituir, en definitiva, unha relación feliz consigo mesma: é dicir, de ter unha construción da identidade non desgarrada. A vivencia da liberdade aparece nela como inseparable da experiencia do involuntario, dese *Grund* cego e devorador que a asediaba e lle corrompía o ser. Incompatibilidade entre o esforzo de Rosalía por permanecer no ser e o traballo de zapa, lento, indiscriminado, da Natureza en nós. Por iso ficaba odiándoa:

Odiote, campo fresco,
cos teus verdes valados,
cos teus altos loureiros
i os teus camiños brancos
sembrados de violetas,
cubertos de emparrados.

Odiovos, montes soaves

.....

¡Canto non debeu sufrir esta alma dóce e delicada que naceu ó amor do mundo, fascinada e namorada pola súa forza estética, pola súa beleza!. Inocencia e disponibilidade trocadas agora en odio e rebeldía. Para a nosa poetisa o home é unha mancha na resprandecente fermosura do mundo. A beleza do mundo é un canto de insolidez coa fea condición humana. A beleza é unha inxuria ante o mal do home. Esta é a razón do seu odio á Natureza e de que se prometa:

Non coidarei xa os rosales
que teño seus, nin os seus pombos;

(7) B. Lamblin, *Art et Nature*, Vrin, Paris, 1979, p. 51.

(8) Rosalía de Castro, "Follas Novas", cit., p. 162.

(9) *Ibid.*, p. 149.

que sequen, como eu me seco,
que morran, como eu me morro. (10)

Ó final, a Natureza enmudece, o diálogo xa non existe:

.....
mentras tanto corre a lúa
sin saberse para donde.
Para donde vai tan soia,
sin que aos tristes que a miramos
nin nos fale, nin nos oia. (11)

Nos derradeiros días parece como que a alma de Rosalía vague como unha es-tranxeira na súa vella patria. ¿Que sucedeu para que xa non se recoñeza e se vexa co-mo unha estraña na súa propia terra?. Un longo exilio, unha magoada peregrinaxe comia o Ulises polo espacío e polo tempo. Vivencia do deserto en Castela, vivencia do desterrado – ¡que fonda verdade a desta verba! –, vivencia do deserto da vida. Soidade radical de Rosalía no mundo. Como a Pascal, o silencio eterno dos espa-cios infindos lle espanta. Séntese Dionisio abandoado, orfo, presto a ser devorado e despedazado polos Titáns. Terror quizais xestado dende a nenez na case orfa, case abandoada, Rosalía. Ela sentiu a vida como algo ilóxico e ilexítimo. Diante do mun-do como inferno, Rosalía podería senti-la tentación de ollar atrás procurando enro-carse no castelo dunha infancia feliz. Pero máis alá das experiencias felices na casa de Ortoño, atópase co negro misterio dos primeiros días, coa escura lexitimidade do seu propio alumbramento. Vida sustentada entre douis abismos, inicial e final, nacemento e morte. Rosalía descobre que a escuridade é o atributo primordial do mundo, que a negra sombra e o silencio reinan onde tiña que existi-lo Verbo. “Ó prin-cipio eran as tebras e o silencio...”: Rosalía ou a Anti-Xénese. De aquí que non deba estrañarnos que Rosalía se rebele sobre todo contra ela mesma. Sen dúbida, Rosalía foi víctima da peor das rebeldías, da peor das violencias: aquela violencia que, como di Hegel, a conciencia sofre vindo dela mesma. Docilidade de antonte trocada agora en impulso tanático, fascinación estética mutada ó final dos seus días en tentación de autoaniquilación, en desexo de acelera-lo implacable proceso de entropía median-te o suicidio, que Rosalía realiza poeticamente no sentido poema titulado “¡Soia!”.

A tentación da negra sombra

E se Rosalía non se puído substraer á tentación do suicidio nós non podemos rematar esta reflexión sobre o significado meta-estético da poesía rosaliana sen subs-traiernos á tentación de dicir algo sobre ese poema no que o invisible se fai visible, ese poema no que o misterio do mundo se fai misterio poético: a negra sombra. To-do o noso discurso estaba dalgunha maneira abocad o este poema. Pois ben, eu coi-

(10) *Ibid.*, p. 253.

(11) *Ibid.*, p. 267.

(12) Rosalía de Castro “Cantares Gallegos”, cit., p. 47.

do que unha das vivencias más fondas e dramáticas de Rosalía foi por unha banda esa *imposibilidade de permanecer no ser* —da que vimos de falar— e por outra a *imposibilidade de dici-lo Ser*, de encarnar na linguaxe a súa vivencia do *Grund*, á súa baxada ós infernos do Ser. ¿Como dicir ese movemento, esa marea do *Fondo* que fai que o mundo se movea sen retorno posible; como dicir esa forza telúrica presente en tódalas cousas, que fai que as estrelas brillen, o vento zoe e é marinario do río e é noite e é aurora?. ¿Como dicir esa forza que fai estala-las flores, medra-los nenos e encorbar a todo mortal? Rosalía non pode conxugar máis ca en voz negativa aquilo que positivamente quixese dicir, pero que dada a súa complexidade e orixinaria escuridade non se pode coñecer nin dicir. Quizais a vía cara ó Ser sexa unha vía negativa, como a que algunhas teoloxías teñen intentado para falar de Deus. De aquí, coido eu, a alta suixerencia da imprecisión da sombra, pois trátase de poñer a nivel expresivo unha dimensión inarticulable lingüisticamente do real. Esta dimensión soamente se pode manifestar apelando á afectivididade mediante o carácter expresivo do poema. O fondo de tódolos fondos, a virtualidade óntica, ou mellor ontogenética, da Natureza soamente se pode suixerir, expresar, xamais dicirse. Esa potencia telúrica, partogenética, da Natureza da Terra-Nai é a que moitos mitos queren significar e é a que canta a poesía ou tamén á que chega a mellor prosa cando esta sae á procura do seu “Comala” natal. “A mala literatura, di Barthes, é a que practica unha boa conciencia dos sentidos plenos, e a “boa” literatura é, polo contrario, a que loita abertamente contra a tentación do sentido” (13). Non, as mellores respostas son aquelas que apaciguarian o noso desexo de preguntar. Non imos, pois, darlle á pregunta sobre a negra sombra unha resposta que aclare o seu misterio. A negra sombra é poeticamente excelsa porque o seu sentido é aberto, indeterminado. Atoparlle un rostro (a saudade ontolóxica, o amor perdido, a Nada no corazón dos entes ou ese *Grund* obscuro que nós poderíamos estar tentados a asignarille...) é caer na “tentación do sentido”, é arrincar do corpo do poema o seu máis íntimo espírito. Esquécese ademais que na arte o significante contén o significado na inmanencia mesma do sensible, é dicir, no acto mesmo da lectura-recitación. Neste poema, máis ca en ningún outro, o significado consumese no lume do significante. De aquí o seu alto valor poético que, como ten dito Bachelard, notáse na capacidade que un poema ten de facernos soñar. El diría que a “negra sombra” é un ‘bo conductor dos nosos soños. Non hai transcendencia, non hai referencia para a “negra sombra”. ¿Por qué non reivindicalo que parece terse esquecido sempre: o seu valor, o seu significado estético?. Afiriamos que a aparición do significado opérase no corpo mesmo do poema feito carne sensible, feito motricidade e sensorialidade na caverna misteriosa da nosa voz. O poema fala do misterio da vida e do mundo sen falarnos nin da vida nin do misterio, senón constituíndose el mesmo como misterio. Á negra sombra podemos aplicarlle aquel principio neoplatónico de que “*omnis determinatio est negatio*”. A poesía é unha chamada ó sentimento máis que ó entendemento. O representado pódese e débese comprender polo expresado, e non ó revés. A arte non é discurso, de aquí que toda refle-

(13) Roland Barthes, *Ensayos críticos*, Seix Barral, Barcelona, 1967, p. 319.

xión sobre ela teña que comezar por unha conciencia dos seus límites. Hai unha intelección ó traverso do sentimento, do estado poético creado en nós pola lectura do poema. O obxecto estético ten quizais como específico a expresividade. Máis alá do que pode significar, el expresa. Eu penetro no mundo da "negra sombra" deixando que o poema penetre en mim, que obre en mim, que sexa na mesma recepción da obra onde esta me libre o seu significado estético.

Ó final quizais teñamos falado demasiado de Rosalía; quizais teñamos caído tamén na tentación do sentido da que falaba Barthes. Pode que fosemos máis alá do poeta e que tamén nós nos crésemos capaces de chegar máis alá de onde chega a alma prometeica do poeta. Foron estes os que lle arrincaron o lume ós deuses, os que miraron, non impunemente, de frente á luz, por iso se cadra a tradición fixa a Homero cego e quizais eles vexan, senón máis lonxe, si máis fondo có resto dos mortais. A poesía prohíbenos como á fermosa doncela do conto de Kostas Axelos excedernos na curiosidade, leva-la reflexión moito máis alá desta posesión estética. Cántanos Kostas Axelos que un certo día un estudiante alemán —eu presumo que un filósofo— coñeceu unha moza moi fermosa, de cabelos moi loiros e de cara moi pálida. Ó redor do seu longo pescozo, tiña unha cinta negra moi miúda. O estudiante baila toda a noite coa rapaza. O mencer, lévaa á súa bufarda. Cando comeza a desvestila o estudiante fai ademán de quitarlle a cinta, máis a xoven pídelle, implóralle, que non lle saque a cinta que leva ó redor do pescozo. Está nos seus brazos toda espida, soamente coa súa pequena cinta. Ámanse e logo dormen. Cando o estudiante desperta, mira o rostro dormido da moza apoiado sobre a branca almofada, coa cintiña negra ó redor do pescozo. Acércaselle paseniño, colle a cinta e, cun xesto preciso, desfai o pequeno nó. A cabeza da moza cae a rolos polo chan...

¡Maldición! ¡Non desfagamos o lazo de negra sombra que adorna o corpo poético de Rosalía!.